

**ORDE do 29 de agosto de 2025 pola que se adoptan medidas excepcionais e temporais relativas á presentación de declaracións e autoliquidacións e ao pagamento dos impostos aplicados pola Axencia Tributaria de Galicia. Consellería de Facenda e Administración Pública. DOG 166 (30/08/2025)**

**Obxeto**

Esta orde ten por obxecto flexibilizar os prazos para a presentación de declaracións e autoliquidacións e o pagamento dos impostos aplicados pola Axencia Tributaria de Galicia.

**Beneficiarios**

Suxeitos pasivos dos impostos aplicados pola Atriga que teñan o seu domicilio fiscal nos concellos afectados polos incendios, ou tivesen un establecemento comercial, industrial, turístico e/ou mercantil ou instalacións e/ou explotacións forestais, agrícolas ou gandeiras radicados neles.

**Ampliación dos prazos**

No ámbito dos impostos aplicados pola Axencia Tributaria de Galicia, os prazos relativos ás obrigas tributarias consistentes na presentación de declaracións, autoliquidacións e documentación complementaria, o ingreso da débeda tributaria autoliquidada e a presentación de solicitudes de prórroga para a presentación de autoliquidacións e documentación do **imposto sobre sucesións**, que non estivesen vencidos na data de inicio dos incendios producidos en Galicia a partir do 28 de xullo de 2025 que provocaron a activación do Peifoga (Plan Especial de Protección Civil antes Emerxencias por Incendios Forestais en Galicia) en situación 2, de acordo cos datos facilitados pola Axega (Axencia Galega de Emerxencias), **amplíanse ata o 30 de setembro de 2025**.

No caso de que xa tivesen cumpridas as obrigas de xeito extemporáneo a día 30 de agosto de 2025, poderán presentar a solicitude de aplicación da ampliación ata o 30 de setembro de 2025.